XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIÓN ÁS ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES SEN FINS DE LUCRO PARA A DINAMIZACIÓN DOS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS E PRAZAS DE ABASTOS DE GALICIA	**IN219A**	**SOLICITUDE**

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL | NIF

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ◯ Entidade solicitante ◯ Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal.
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

CONTÍA TOTAL DO PROXECTO PARA O CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.

◯ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.

◯ Si solicitou e/ou concedéronselle axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que para a actuación obxecto de solicitude de subvención se compromete á utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica como consecuencia do procedemento administrativo polo cal se concede esta subvención, así como nas actividades para as cales se solicita a axuda, sempre que a natureza destas o permita.

   ◯ SI ◯ NON

8. Que as persoas ou entidades subcontratadas para a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención:

◯ Non están vinculadas coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.

◯ Si están vinculadas coa entidade solicitante e realizaranse de conformidade co disposto no artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en consecuencia, solicito a autorización da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para concertar coas persoas ou empresas relacionadas a execución total ou parcial das actividades subvencionadas.

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA ENTIDADE VINCULADA AO SOLICITANTE DA AXUDA	IMPORTE (€)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (neste último caso presumirase que a consulta está autorizada)

- ☐ Memoria de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención, que incluirá polo menos, a súa descrición, obxectivos, localización e calendario de realización, así como o número e características dos participantes e beneficiarios.
- ☐ Copia da acta da sesión en que se informen as entidades participantes do proxecto para o cal se solicita a subvención.
- ☐ Orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención, segundo o anexo VII, e factura ou, na súa falta, factura pro forma da actividade ou adquisición que se vai subvencionar emitida por quen vaia subministrar o ben ou prestar o servizo, así como plan de financiamento do proxecto. No caso de concorreren os requisitos do artigo 4.2.f) deberá achegarse a seguinte documentación:
  - ☐ Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os cales se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados pola entidade solicitante, con independencia da contía dos investimentos.
  - ☐ Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionadas pola entidade solicitante para a realización do proxecto.
  - ☐ Memoria económica xustificativa da elección dos provedores, nos seguintes casos (non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo a entidade solicitante):
    - ☐ Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo a entidade solicitante.
    - ☐ Cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.
- ☐ Orzamento do exercicio corrente, sen incluír as partidas para as cales se solicita a subvención.
- ☐ Orzamento liquidado pola entidade asociativa no ano 2017.
- ☐ Certificado expedido pola persoa que exerza a secretaría ou representación da entidade que acredite o número de membros asociados dados de alta e número de comercios retallistas, dos cales se achegará relación detallada e actualizada, en soporte informático, con inclusión do nome da persoa titular e do establecemento, así como as epígrafes do IAE en que figura dado de alta, enderezo postal e telefónico, concretando, se é o caso, as empresas ou entidades participantes no proxecto e as actuacións que se van desenvolver.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (neste último caso presumirase que a consulta está autorizada) (continuación)

☐ Transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento das cotas aboadas polos comercios, no ano 2017 nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento.			
☐ Anexo V debidamente cuberto e asinado, relativo ás unidades xerenciais, acompañado da documentación que nel se sinala, se é o caso.			
No suposto previsto no artigo 3 punto 1.1.2 do anexo I, declaración que inclúa:			
☐ Compromiso de execución asumido por cada membro da agrupación.			
☐ Importe da subvención que se vai aplicar a cada un dos membros da agrupación.			
☐ Nomeamento da persoa representante ou apoderada única da agrupación.			
☐ Informe da mesa local de comercio correspondente, sobre o proxecto de dinamización comercial obxecto de solicitude de concesión de subvención, de conformidade co disposto no artigo 3.b) do Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais de comercio.			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acta e estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.			
☐ Poder suficiente de quen represente a entidade solicitante.			
☐ No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
☒ DNI ou NIE da persoa representante.	☐
☒ NIF da entidade solicitante.	☐
☒ Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.	☐
☒ Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social.	☐
☒ Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Atriga.	☐

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado "Relacións administrativas coa cidadanía e entidades" co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4º andar, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a lopd.industria@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia, e se procede á súa convocatoria (IN219A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____